

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Paradela, a vinte e catro de novembro de 2016

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE 2016.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de setembro de 2016 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de setembro de 2016. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros presentes na sesión, sendo este o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2016.

O Sr. Alcalde inicia a súa intervención destacando que o proxecto de orzamento se presenta en tempo e forma, sendo una boa nova o incremento do mesmo en

130.000,00 €, procedendo a realizar un resumo dos capítulos de gastos e ingresos, realizando tamén unhas alusións as bases de execución, un resumo do anexo de persoal e do estado da débeda que considera baixo e asumible e os demais documentos que conforman o orzamento; centrándose no Anexo de inversións, sulíñando que municipios máis grandes teñen unha menor inversión. As inversións previstas son:

- Expropiación terreos e execución obra Acondicionamento e mellora do acceso a Toexe, por importe de 48.575,80 €; no que fai constar que había un acordo adoptado para adquisición do terreos, pero finalmente algúns dos copropietarios decidiron non asinar a compraventa ante a Notaría, polo que se acude a vía da expropiación para dotar a un núcleo que carece dos servizos mínimos.

- Renovación de instalacións de iluminación exterior, por importe de 42.000,00 €

- Cubrición de zona posterior do Mercado Gandeiro para estacionamento de vehículos municipais e instalación de depósito de combustible, por importe de 60.000,00 €

- POS 2017, por importe de 63.584,00 € e rexeneración de camiños municipais, por importe de 90.668,41 €.

- Mobiliario da Casa do Concello por importe de 6.000,00 € e inversións en instalacións culturais e deportivas por importe de 4.500,00 €.

Toma a palabra, Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, felicitando a realización da obra de renovación da Casa do Concello.

Sulíña que si ben hai un incremento na inversión e son mellores cas do exercicio anterior son insuficientes, destacando que en grande parte se debe a aportación da Deputación Provincial, considerando non só insuficiente a cantidade senón o tipo de actuacións; onde a máis interesante lle parece a de Toexe porque é unha necesidade que existe dende hai moito tempo e ca que o seu grupo está de acordo.

Matiza que respecto das obras de renovación de iluminación, debe comprobarse que efectivamente revirte nun aforro de consumo; o tema de cubrición non o acaba de ver e en resumo que as inversións non van destinadas a mellora estrutural da economía do Concello, xa que considera que se deberían promover inversións que permitiran o progreso e mellora do Concello, reclamando inversións nas antigas Escolas ou na Casa do Médico; falla unha aposta por dinamizar.

O Sr. Alcalde, di que si se está a dinamizar como e co caso da construción do xeriátrico, onde ten o compromiso por parte da Xunta de dotalo en 2017 e explica o porque dalgunha das inversións contidas no Anexo.

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que ten un Concello saneado e que podería realizar un plan de viabilidade de estradas e non realizar só pequenos bacheos, poñendo en dúbida a calidade das obras que se están a facer.

O Sr. Alcalde, resposta que iso non é certo e que hai a estradas que non se lle fixo nada en quince anos e a xente agora quere o contrario do que quería daquela e se adican a tapar as tajeas. Di ademáis que a Deputación leva oito anos se mandar os equipos de rego a Paradela, antes a Deputación ía pouco a pouco ampliando a rede viaria, mentres que ultimamente no fai nada.

Tamén se comenta o tema da baixada do IBI rústico que haberá que adoptar ao

longo do exercicio 2017 para que a carga ao medio rural sexa a menor posible, segundo palabra da voceira do Grupo Municipal Socialista.

O Sr. Alcalde di que haberá que esperar a coñecer os datos para saber canto é o incremento e analizar o tema do esforzo fiscal.

O contido da proposta, que consta no expediente é a seguinte:

Confecionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2017 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación o proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2017 co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	487.546,79
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	485.125,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	1.859,68
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	33.000,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	315.328,21
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	27.140,32
TOTAL:	1.350.000,00
ESTADO DE INGRESOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Impostos Directos	375.500,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	34.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	128.018,61
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	734.875,78
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	4.200,00
B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	73.405,61
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00

TOTAL:

1.350.000,00

SEGUNDO.- *Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.*

TERCEIRO.- *Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2017, as Bases de Execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.*

CUARTO.- *Considerar elevados a definitivos estos acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.*

QUINTO.- *Remitir copia á Administración do Estado, así coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*

Paradela, 18 de novembro de 2016. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Sométese a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos sete Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e o voto en contra dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE TOEXE E DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESO A TOEXE NA PARROQUIA DE SANTALLA DE PARADELA.

Este punto xa foi abordado no punto anterior de aprobación do orzamento de 2017, xa que no Anexo de inversións aparece recollida esta actuación, na que tanto o grupo de Goberno como o Grupo Municipal Socialista móstranse de acordo na necesidade de levar a cabo esta actuación.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía.

“Visto o “Proyecto de expropiación de acceso al núcleo de Toexe”, e o proxecto de obra de “Acondicionamiento y mejora de acceso a Toexe en la Parroquia de Santalla de Paradela” redactados polo enxeñeiro de camiños D. José Enrique Cacedo Herrero (colexiado nº 8.905), coa finalidade de mellorar o acceso ao núcleo rural de Toexe, situado na parroquia de Santalla de Paradela, prevese a ampliación dunha vía de acceso ao devandito núcleo, o que supoñerá a expropiación de terreos ao transcorrer por parcelas privadas. Devandito núcleo presenta na actualidade problemas de accesibilidade, debido ás deficiencias existentes no actual viario e á falta de acceso rodado dalgunha das edificacións.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Paradela, aprobado 8 de novembro de 2.007, contempla entre as súas determinacións a ampliación do viario anterior no plano de ordenación NR-88_2.

Segundo o artigo 129.1 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), os terreos destinados polo plan a sistemas xerais ou locais en solo de núcleo

rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a administración e o propietario ou por permuta forzosa.

Ademais no artigo 85 da mesma lei especificase que tras a aprobación definitiva do PXOM obtense a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación.

Isto tamén se contempla no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 7/2.015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo.

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido en data 17 de novembro de 2016 no que se indica á lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a mencionada expropiación.

Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal.

Visto o expresado con anterioridade, propónse ao Pleno da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o “Proyecto de expropiación de acceso al núcleo de Toexe”, e o proxecto de obra de “Acondicionamiento y mejora de acceso a Toexe en la Parroquia de Santalla de Paradela”.

SEGUNDO.- Declarar dita obra de utilidade pública para a adquisición dos bens e dereitos afectados, levando implícita a necesidade de ocupación dos terreos afectados pola mesma.

TERCEIRO.- Aprobar a inicialmente a relación concreta e individualizada dos bens a expropiar que se describen a continuación:

Ref. Catastral	Pol.	Parcela	Localización	Titulares	Superf. Exprop. m2	m3 muro afectado	Nº árbores afectados
27042A014006510000GU	14	651	Campo Toexe. Paradela (Lugo)	CELIA LÓPEZ ARMESTO PERFECTA ARMESTO RODRÍGUEZ MARTA LÓPEZ ARMESTO ELBA LÓPEZ ARMESTO CELIA LÓPEZ LÓPEZ MARÍA LUZ LÓPEZ LÓPEZ ÁNGEL LÓPEZ LÓPEZ ALICIA LÓPEZ LÓPEZ	182,074	29,747	1
27042A014006520000GH	14	652	Campo Toexe. Paradela (Lugo)	CELIA LÓPEZ ARMESTO PERFECTA ARMESTO RODRÍGUEZ MARTA LÓPEZ ARMESTO ELBA LÓPEZ ARMESTO CELIA LÓPEZ LÓPEZ MARÍA LUZ LÓPEZ LÓPEZ ÁNGEL LÓPEZ LÓPEZ ALICIA LÓPEZ LÓPEZ	412,072	73,684	6
27042A014006530000GW	14	653	Campo Toexe. Paradela (Lugo)	CELIA LÓPEZ ARMESTO PERFECTA ARMESTO RODRÍGUEZ MARTA LÓPEZ ARMESTO ELBA LÓPEZ ARMESTO CELIA LÓPEZ LÓPEZ MARÍA LUZ LÓPEZ LÓPEZ ÁNGEL LÓPEZ LÓPEZ ALICIA LÓPEZ LÓPEZ	277,314	47,623	0

CUARTO.- Someter ao trámite de información pública polo prazo dun mes mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia, no xornal La Voz de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello, aos efectos de que calquera persoa poda aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou

opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á necesidade da ocupación; así como notificación individual a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración para que poidan formular alegacións.

Paradela, a 18 de novembro de 2016. O Alcalde Asdo.: José Manuel Mato Díaz Documento asinado dixitalmente ao marxe”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación da proposta, resultando aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros presentes na sesión, sendo este o seu número legal de membros.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre, sen que se produza rogo ou pregunta algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor

Documento asinado dixitalmente ao marxe